

| Número de orde | Substancias | Concentración máxima autorizada | Límites e exixencias | Condições de emprego e advertencias que deben figurar obrigatoriamente na etiquetaxe |
|----------------|--|--|--|---|
| a | b | c | d | e |
| | Butilcarbamato de iodo-2-propinilo N° CAS 55406-53-6. | 3- a) Produtos que se aclaran: 0,02%. b) Produtos que non se aclaran: 0,01%, excepto en desodorizantes e antitranspirantes: 0,0075%. | a) Non se debe utilizar en preparados para nenos menores de 3 anos, excepto en produtos de baño, xel de ducha e xampú. b) - Non se debe utilizar en locións e cremas corporais (produtos destinados a seren aplicados en grandes extensións corporais) - Non se debe utilizar en preparados para nenos menores de 3 anos. | a) "Non se debe utilizar en nenos menores de 3 anos" (unicamente en caso de produtos, distintos dos produtos de baño, xel de ducha e xampú, que se poderían utilizar en nenos menores de 3 anos). b) "Non se debe utilizar en nenos menores de 3 anos" (unicamente en caso de produtos que se poderían utilizar con nenos menores de 3 anos).» |

Artigo segundo. *Prazo de comercialización.*

1. A partir do 23 de marzo de 2008 non poderán ser comercializados produtos cosméticos que non se axusten ao establecido no artigo primeiro, puntos un e tres.a), b), d), e) e f).

2. A partir do 18 de outubro de 2008 non poderán ser comercializados produtos cosméticos que non se axusten ao establecido no artigo primeiro, puntos dous e tres.c) e g).

Artigo terceiro. *Prazo de venda ou cesión.*

1. A partir do 23 de xuño de 2008 non poderán ser vendidos ou cedidos ao consumidor final produtos cosméticos que non se axusten ao establecido no artigo primeiro, puntos un e tres.a), b), d), e) e f).

2. A partir do 18 de abril de 2009 non poderán ser vendidos ou cedidos ao consumidor final produtos cosméticos que non se axusten ao establecido no artigo primeiro, puntos dous e tres.c) e g).

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde incorpóranse ao ordenamento xurídico interno as directivas 2007/17/CE da Comisión, do 22 de marzo de 2007, pola que se modifica a Directiva 76/768/CEE do Consello sobre produtos cosméticos para adaptar os seus anexos III e VI ao progreso técnico, e 2007/22/CE da Comisión, do 17 de abril de 2007, pola que se modifica a Directiva 76/768/CEE do Consello, relativa aos produtos cosméticos, para adaptar os seus anexos IV e VI ao progreso técnico.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 19 de outubro de 2007.–O ministro de Saúde e Consumo, Bernat Soria Escoms.

MINISTERIO DE EDUCACIÓN E CIENCIA

18770 REAL DECRETO 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanza universitarias oficiais. («BOE» 260, do 30-10-2007.)

A progresiva harmonización dos sistemas universitarios exixida polo proceso de construción do Espazo Europeo de Educación Superior, iniciado en 1999 coa Declaración de Boloña, e a conseguinte interacción operada entre tales sistemas polas diversas normativas nacionais sucesivamente promulgadas dotou dunha dimensión e dunha axilidade sen precedentes o proceso de cambio emprendido polas universidades europeas.

Próximo xa o horizonte de 2010 previsto pola citada declaración para a plena consecución dos seus obxectivos, o sistema español, mesmo tendo dado notables pasos cara á converxencia mediante a sucesiva adopción de normativas puntuais, carecía, non obstante, do axeitado marco legal que, dun xeito global, sustentase con garantías a nova construción.

A Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, senta as bases precisas para realizar unha profunda modernización da universidade española. Así, entre outras importantes novidades, o novo título VI da lei establece unha nova estruturación das ensinanza e títulos universitarios oficiais que permite reorientar, co debido sustento normativo, o proceso anteriormente citado de converxencia das nosas ensinanza universitarias cos principios dimanantes da construción do Espazo Europeo de Educación Superior.

Este real decreto, seguindo os principios sentados pola citada lei, afonda na concepción e expresión da autonomía universitaria de modo que a partir deste momento serán as propias universidades as que crearán e proporán, de acordo coas regras establecidas, as ensinanza e títulos que deberán impartir e expedir, sen

suxeición á existencia dun catálogo previo establecido polo Goberno, como ata agora era obrigado.

Así mesmo, este real decreto adopta unha serie de medidas que, ademais de ser compatibles co Espazo Europeo de Educación Superior, flexibilizan a organización das ensinanzas universitarias, promovendo a diversificación curricular e permitindo que as universidades aproveiten a súa capacidade de innovación, as súas fortalezas e oportunidades. A flexibilidade e a diversidade son elementos sobre os que descansa a proposta de ordenación das ensinanzas oficiais como mecanismo de resposta ás demandas da sociedade nun contexto aberto e en constante transformación.

Por outra banda, a nova organización das ensinanzas universitarias responde non só a un cambio estrutural senón que ademais impulsa un cambio nas metodoloxías docentes, que centra o obxectivo no proceso de aprendizaxe do estudante, nun contexto que se estende agora ao longo da vida.

Para conseguir estes obxectivos, no deseño dun título débense reflectir máis elementos que a mera descrición dos contidos formativos. Este novo modelo concibe o plan de estudos como un proxecto de implantación dun ensino universitario. Como tal proxecto, para a súa aprobación requírese a achega de novos elementos como: xustificación, obxectivos, admisión de estudantes, contidos, planificación, recursos, resultados previstos e sistema de garantía de calidade.

Os plans de estudos conducentes á obtención dun título deberán, polo tanto, ter no centro dos seus obxectivos a adquisición de competencias por parte dos estudantes, ampliando, sen excluír, o tradicional enfoque baseado en contidos e horas lectivas. Débese facer énfase nos métodos de aprendizaxe das devanditas competencias así como nos procedementos para avaliar a súa adquisición. Propóñense os créditos europeos, ECTS, tal e como se definen no Real decreto 1125/2003, do 5 de setembro, como unidade de medida que reflicte os resultados da aprendizaxe e volume de traballo realizado polo estudante para acadar os obxectivos establecidos no plan de estudos, poñendo en valor a motivación e o esforzo do estudante para aprender.

A nova organización das ensinanzas incrementará a empregabilidade dos titulados ao mesmo tempo que cumpre co obxectivo de garantir a súa compatibilidade coas normas reguladoras da carreira profesional dos empregados públicos.

Por outro lado, no suposto de títulos que habiliten para o acceso ou exercicio de actividades profesionais, prevéase que o Goberno estableza as condicións ás cales se deberán adecuar os plans de estudos para garantir que os títulos acreditan a posesión das competencias e coñecementos axeitados para o devandito exercicio profesional.

A posibilidade de introducir prácticas externas vén reforzar o compromiso coa empregabilidade dos futuros graduados e graduadas, enriquecendo a formación dos estudantes das ensinanzas de grao, nun contorno que lles proporcionará, tanto a eles coma aos responsables da formación, un coñecemento máis profundo acerca das competencias que necesitarán no futuro.

Os sistemas de garantía da calidade, que son parte dos novos plans de estudos, son, así mesmo, o fundamento para que a nova organización das ensinanzas funcione eficientemente e para crear a confianza sobre a que descansa o proceso de acreditación de títulos.

Neste real decreto, a autonomía no deseño do título combínase cun axeitado sistema de avaliación e acreditación, que permitirá supervisar a execución efectiva das ensinanzas e informar a sociedade sobre a súa calidade. A concreción do sistema de verificación e acreditación

permitirá o equilibrio entre unha maior capacidade das universidades para deseñar os títulos e a rendición de contas orientada a garantir a calidade e a mellorar a información á sociedade sobre as características da oferta universitaria. A acreditación dun título basearase na verificación do cumprimento do proxecto presentado pola universidade e facilitará a participación en programas de financiamento específicos como, por exemplo, de mobilidade de profesores ou estudantes.

Establécese, tamén, neste real decreto un sistema de acceso e admisión ás diferentes ensinanzas que achega maior claridade e transparencia, considerando as distintas situacións de transición desde ordenacións anteriores á actual. Garántense os dereitos académicos adquiridos polos estudantes e os titulados consonte sistemas educativos anteriores os que, non obstante, poderán cursar as novas ensinanzas e obter os correspondentes títulos, para cuxo efecto as universidades, no ámbito da súa autonomía, determinarán, se é o caso, a formación adicional necesaria que deberán cursar para a súa obtención.

Ademais, os sistemas de acceso potencian a apertura cara aos estudantes procedentes doutros países do Espazo Europeo de Educación Superior e doutras áreas xeográficas, marcando unha nova estratexia no contexto global da educación superior.

Por outra banda, un dos obxectivos fundamentais desta organización das ensinanzas é fomentar a mobilidade dos estudantes, tanto dentro de Europa como con outras partes do mundo, e sobre todo a mobilidade entre as distintas universidades españolas e dentro dunha mesma universidade. Neste contexto resulta imprescindible apostar por un sistema de recoñecemento e acumulación de créditos, no cal os créditos cursados noutra universidade serán recoñecidos e incorporados ao expediente do estudante.

Outro obxectivo importante é establecer vínculos axeitados entre o Espazo Europeo de Educación e o Espazo Europeo de Investigación. Para iso, é necesaria unha maior apertura na organización das ensinanzas de doutoramento e facilitar a actualización ou modificación dos plans de estudo.

No ámbito temporal, as universidades establecerán o seu propio calendario de adaptación aténdose ao establecido neste real decreto, que recolle, pola súa vez, os compromisos adquiridos polo Goberno español na declaración de Boloña, en virtude dos cales no ano 2010 todas as ensinanzas deberán estar adaptadas á nova estrutura.

Finalmente, débese ter en conta que a formación en calquera actividade profesional debe contribuír ao coñecemento e desenvolvemento dos dereitos humanos, dos principios democráticos, dos principios de igualdade entre mulleres e homes, de solidariedade, de protección ambiental, de accesibilidade universal e deseño para todos, e de fomento da cultura da paz.

Así, no capítulo I deste real decreto inclúense as súas disposicións xerais, o capítulo II establece con carácter xeral a estrutura das ensinanzas universitarias oficiais, que se concretan nos capítulos III, IV e V para as ensinanzas de grao, máster e doutoramento, respectivamente. Pola súa banda, o capítulo VI regula os procedementos de verificación e acreditación dos títulos.

Ademais este real decreto contén once disposicións adicionais, cinco transitorias, unha disposición derogatoria única e catro disposicións derradeiras.

Finalmente o anexo I presenta a memoria que configura o proxecto de título oficial que deben presentar as universidades para solicitar a súa verificación de acordo co establecido nesta norma e o anexo II contén a rela-

ción de materias básicas que se incluíron en cada unha das ramas de coñecemento.

Emitiu informe favorable deste real decreto o Consello de Universidades, formado polas universidades españolas e pola Conferencia Xeral de Política Universitaria, formada polas comunidades autónomas. Durante o proceso de elaboración foron, ademais, consultadas as organizacións profesionais.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación e Ciencia, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de outubro de 2007,

DISPONGO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto desenvolver a estrutura das ensinanzas universitarias oficiais, de acordo coas liñas xerais emanadas do Espazo Europeo de Educación Superior e de conformidade co previsto no artigo 37 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, na súa nova redacción dada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a anterior.

Así mesmo, este real decreto establece as directrices, condicións e o procedemento de verificación e acreditación que deberán superar os plans de estudos conducentes á obtención de títulos, previamente á súa inclusión no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT).

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

As disposicións contidas neste real decreto serán de aplicación ás ensinanzas universitarias oficiais de grao, máster e doutoramento impartidas polas universidades españolas, en todo o territorio nacional.

Artigo 3. *Ensinanzas universitarias e expedición de títulos.*

1. As universidades impartirán ensinanzas de grao, máster e doutoramento conducentes á obtención dos correspondentes títulos oficiais.

2. Os títulos oficiais serán expedidos, en nome do Rei, polo reitor da universidade en que se conclúsen as ensinanzas que dean dereito á súa obtención, de acordo cos requisitos básicos que respecto ao seu formato, texto e procedemento de expedición estableza o Goberno, logo de informe de Consello de Universidades.

3. As ensinanzas universitarias oficiais concretaranse en plans de estudos que serán elaborados polas universidades, con suxeición ás normas e condicións que lles sexan de aplicación en cada caso. Os devanditos plans de estudos deberán ser verificados polo Consello de Universidades e autorizados na súa implantación pola correspondente comunidade autónoma, de acordo co establecido no artigo 35.2 da Lei orgánica 6/2001, modificada pola Lei 4/2007, de universidades. Os títulos a cuxa obtención conduzan deberán ser inscritos no RUCT e acreditados, todo iso de acordo coas previsións contidas neste real decreto.

4. As universidades poderán, mediante convenio con outras universidades nacionais ou estranxeiras, organizar ensinanzas conxuntas conducentes á obten-

ción dun único título oficial de graduado ou graduada, máster universitario ou doutor ou doutora. Para tal fin, o plan de estudos deberá incluír o correspondente convenio en que se especificará, polo menos, que universidade será responsable da custodia dos expedientes dos estudantes e da expedición e rexistro do título, así como o procedemento de modificación ou extinción de plans de estudos. No suposto de convenios con universidades estranxeiras, en todo caso, a universidade española custodiará os expedientes dos títulos que expida.

5. Entre os principios xerais que deberán inspirar o deseño dos novos títulos, os plans de estudos deberán ter en conta que calquera actividade profesional se debe realizar:

a) Desde o respecto aos dereitos fundamentais e de igualdade entre homes e mulleres, debéndose incluír, nos plans de estudos en que proceda, ensinanzas relacionadas con eses dereitos.

b) Desde o respecto e promoción dos dereitos humanos e os principios de accesibilidade universal e deseño para todos de conformidade co disposto na disposición derradeira décima da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, debéndose incluír, nos plans de estudos en que proceda, ensinanzas relacionadas con eses dereitos e principios.

c) De acordo cos valores propios dunha cultura de paz e de valores democráticos, e debéndose incluír, nos plans de estudos en que proceda, ensinanzas relacionadas con eses valores.

Artigo 4. *Efectos dos títulos universitarios.*

Os títulos universitarios regulados neste real decreto terán carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, producirán efectos académicos plenos e habilitarán, se é o caso, para a realización de actividades de carácter profesional, reguladas de acordo coa normativa que en cada caso resulte de aplicación.

Artigo 5. *Sistema europeo de créditos e cualificacións das ensinanzas universitarias.*

1. O haber académico que representa o cumprimento dos obxectivos previstos nos plans de estudos conducentes á obtención de títulos universitarios oficiais medirase en créditos europeos (ECTS) tal e como se definen no Real decreto 1125/2003, do 5 de setembro, polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

2. O nivel de aprendizaxe conseguido polos estudantes nas ensinanzas oficiais de grao e máster expresarase mediante cualificacións numéricas, de acordo co establecido no artigo 5 do Real decreto 1125/2003, do 5 de setembro, citado. A cualificación no doutoramento expresarase de acordo co sinalado no artigo 21 deste real decreto.

Artigo 6. *Recoñecemento e transferencia de créditos.*

1. Co obxecto de facer efectiva a mobilidade de estudantes, tanto dentro do territorio nacional como fóra del, as universidades elaborarán e farán pública a súa normativa sobre o sistema de recoñecemento e transferencia de créditos, con suxeición aos criterios xerais que sobre o particular se establecen neste real decreto.

2. Para os efectos previstos neste real decreto, enténdese por recoñecemento a aceptación por unha universidade dos créditos que, sendo obtidos nunhas

ensinanzas oficiais, na mesma ou noutra universidade, son computadas noutras distintas para os efectos da obtención dun título oficial.

Así mesmo, a transferencia de créditos implica que, nos documentos académicos oficiais acreditativos das ensinanzas seguidas por cada estudante, se incluírán a totalidade dos créditos obtidos en ensinanzas oficiais cursadas con anterioridade, na mesma ou noutra universidade, que non conducisen á obtención dun título oficial.

3. Todos os créditos obtidos polo estudante en ensinanzas oficiais cursados en calquera universidade, os transferidos, os recoñecidos e os superados para a obtención do correspondente título serán incluídos no seu expediente académico e reflectidos no suplemento europeo ao título, regulado no Real decreto 1044/2003, do 1 de agosto, polo que se establece o procedemento para a expedición polas universidades do suplemento europeo ao título.

Artigo 7. *Prezos públicos das ensinanzas universitarias oficiais.*

De acordo co disposto na letra b do artigo 81 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, na súa nova redacción dada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a anterior, nas ensinanzas conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional e impartidas en universidades públicas, os prezos públicos e dereitos fixaraos a comunidade autónoma, dentro dos límites que estableza a Conferencia Xeral de Política Universitaria, e estarán relacionados cos custos da prestación do servizo.

CAPÍTULO II

Estrutura das ensinanzas universitarias oficiais

Artigo 8. *Estrutura xeral.*

As ensinanzas universitarias conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional estruturaránse en tres ciclos, denominados respectivamente grao, máster e doutoramento, de acordo co establecido no artigo 37 de Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, na súa nova redacción dada por Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a anterior e neste real decreto.

Artigo 9. *Ensinanzas de grao.*

1. As ensinanzas de grao teñen como finalidade a obtención por parte do estudante dunha formación xeral, nunha ou varias disciplinas, orientada á preparación para o exercicio de actividades de carácter profesional.

2. A superación das ensinanzas previstas no número anterior dará dereito á obtención do título de graduado ou graduada, coa denominación específica que, en cada caso, figure no RUCT.

3. A denominación dos títulos de graduado será: graduado ou graduada en T pola universidade U, sendo T o nome do título e U a denominación da universidade que expide o título. No suplemento europeo ao título, de acordo coas normas que o regulen, farase referencia á rama de coñecemento en que se incardine o título. En todo caso, as administracións públicas velarán por que a denominación do título sexa acorde co seu contido e, se é o caso, coa normativa específica de aplicación, coherente coa súa disciplina e non conduza a erro sobre o seu

nivel ou efectos académicos nin a confusión sobre o seu contido e, se é o caso, efectos profesionais.

Artigo 10. *Ensinanzas de máster.*

1. As ensinanzas de máster teñen como finalidade a adquisición polo estudante dunha formación avanzada, de carácter especializado ou multidisciplinar, orientada á especialización académica ou profesional, ou ben a promover a iniciación en tarefas investigadoras.

2. A superación das ensinanzas previstas no número anterior dará dereito á obtención do título de máster universitario, coa denominación específica que figure no RUCT.

3. A denominación dos títulos de máster será: máster universitario en T pola Universidade U, sendo T o nome do título e U a denominación da universidade que expide o título. En todo caso, as administracións públicas velarán por que a denominación do título sexa acorde co seu contido e, se é o caso, coa normativa específica de aplicación, e non conduza a erro sobre o seu nivel ou efectos académicos nin a confusión sobre o seu contido e, se é o caso, efectos profesionais.

Artigo 11. *Ensinanzas de doutoramento.*

1. As ensinanzas de doutoramento teñen como finalidade a formación avanzada do estudante nas técnicas de investigación, poderán incorporar cursos, seminarios ou outras actividades orientadas á formación investigadora e incluírá a elaboración e presentación da correspondente tese de doutoramento, consistente nun traballo orixinal de investigación.

2. A superación das ensinanzas previstas no número 1 anterior dará dereito á obtención do título de doutor ou doutora, coa denominación que figure no RUCT.

3. A denominación dos títulos de doutor será: doutor ou doutora pola universidade U, sendo U a denominación da universidade que expide o título.

4. Así mesmo, de acordo co que estableza a normativa sobre expedición de títulos, incluírase información que especifique a disciplina na cal se elaborou a tese de doutoramento.

CAPÍTULO III

Ensinanzas universitarias oficiais de grao

Artigo 12. *Directrices para o deseño de títulos de graduado.*

1. Os plans de estudos conducentes á obtención do título de graduado serán elaborados polas universidades e verificados de acordo co establecido neste real decreto.

2. Os plans de estudos terán 240 créditos, que conterán toda a formación teórica e práctica que o estudante deba adquirir: aspectos básicos da rama de coñecemento, materias obrigatorias ou optativas, seminarios, prácticas externas, traballos dirixidos, traballo de fin de grao ou outras actividades formativas.

Nos supostos en que iso veña determinado por normas de dereito comunitario, o Goberno, logo de informe do Consello de Universidades, poderá asignar un número maior de créditos.

3. Estas ensinanzas concluirán coa elaboración e defensa dun traballo de fin de grao.

4. A universidade propondrá a adscrición do correspondente título de graduado ou graduada a algunha das seguintes ramas de coñecemento:

- a) Artes e humanidades
- b) Ciencias.
- c) Ciencias da saúde.
- d) Ciencias sociais e xurídicas.
- e) Enxeñaría e arquitectura.

A devandita adscrición será igualmente de aplicación naqueles casos en que o título estea relacionado con máis dunha disciplina e farase respecto da principal.

5. O plan de estudos deberá conter un mínimo de 60 créditos de formación básica, dos cales polo menos 36 estarán vinculados a algunhas das materias que figuran no anexo II deste real decreto para a rama de coñecemento a que se pretenda adscribir o título. Estas materias deberanse concretar en materias cun mínimo de 6 créditos cada unha e serán ofertadas na primeira metade do plan de estudos.

Os créditos restantes ata 60, se é o caso, deberán estar configurados por materias básicas da mesma ou doutras ramas de coñecemento das incluídas no anexo II, ou por outras materias sempre que se xustifique o seu carácter básico para a formación inicial do estudante ou o seu carácter transversal.

6. Se se programan prácticas externas, estas terán unha extensión máxima de 60 créditos e deberanse ofrecer preferentemente na segunda metade do plan de estudos.

7. O traballo de fin de grao terá entre 6 e 30 créditos, deberase realizar na fase final do plan de estudos e estar orientado á avaliación de competencias asociadas ao título.

8. De acordo co artigo 46.2.i) da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, os estudantes poderán obter recoñecemento académico en créditos pola participación en actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación ata un máximo de 6 créditos do total do plan de estudos cursado.

9. Cando se trate de títulos que habiliten para o exercicio de actividades profesionais reguladas en España, o Goberno establecerá as condicións a que se deberán adecuar os correspondentes plans de estudos, que ademais se deberán axustar, se é o caso, á normativa europea aplicable. Estes plans de estudos deberanse, en todo caso, deseñar de forma que permitan obter as competencias necesarias para exercer esa profesión. Para tales efectos a universidade xustificará a adecuación do plan de estudos ás devanditas condicións.

Artigo 13. *Recoñecemento de créditos nas ensinanzas de grao.*

Ademais do establecido no artigo 6 deste real decreto, a transferencia e recoñecemento de créditos nas ensinanzas de grao deberán respectar as seguintes regras básicas:

- a) Sempre que o título a que se pretende acceder pertenza á mesma rama de coñecemento serán obxecto de recoñecemento os créditos correspondentes a materias de formación básica da devandita rama.
- b) Serán tamén obxecto de recoñecemento os créditos obtidos naquelas materias de formación básica pertencentes á rama de coñecemento do título a que se pretende acceder.
- c) O resto dos créditos poderán ser recoñecidos pola universidade tendo en conta a adecuación entre as competencias e coñecementos asociados ás restantes materias cursadas polo estudante e os previstos no plan de estudos ou ben que teñan carácter transversal.

Artigo 14. *Acceso ás ensinanzas oficiais de grao.*

1. O acceso ás ensinanzas oficiais de grao requirirá estar en posesión do título de bacharel ou equivalente e a superación da proba a que se refire o artigo 42 da Lei orgánica 6/2001, de universidades, modificada pola Lei 4/2007, do 12 de abril, sen prexuízo dos demais mecanismos de acceso previstos pola normativa vixente.

2. As universidades disporán de sistemas accesibles de información e procedementos de acollida e orientación dos estudantes de novo ingreso para facilitarles a súa incorporación ás ensinanzas universitarias correspondentes. Estes sistemas e procedementos deberán incluír, no caso de estudantes con necesidades educativas específicas derivadas de discapacidade, os servizos de apoio e asesoramento axeitados, que avaliarán a necesidade de posibles adaptacións curriculares.

CAPÍTULO IV

Ensinanzas universitarias oficiais de máster

Artigo 15. *Directrices para o deseño de títulos de máster universitario.*

1. Os plans de estudos conducentes á obtención do título de máster universitario serán elaborados polas universidades e verificados de acordo co establecido neste real decreto.

2. Os plans de estudos conducentes á obtención dos títulos de máster universitario terán entre 60 e 120 créditos, que conterá toda a formación teórica e práctica que o estudante deba adquirir: materias obrigatorias, materias optativas, seminarios, prácticas externas, traballos dirixidos, traballo de fin de máster, actividades de avaliación e outras que resulten necesarias segundo as características propias de cada título.

3. Estas ensinanzas concluirán coa elaboración e defensa pública dun traballo de fin de máster, que terá entre 6 e 30 créditos.

4. Cando se trate de títulos que habiliten para o exercicio de actividades profesionais reguladas en España, o Goberno establecerá as condicións a que se deberán adecuar os correspondentes plans de estudos, que ademais se deberán axustar, se é o caso, á normativa europea aplicable. Estes plans de estudos deberanse, en todo caso, deseñar de forma que permitan obter as competencias necesarias para exercer esa profesión. Para tales efectos a universidade xustificará a adecuación do plan de estudos ás devanditas condicións.

Artigo 16. *Acceso ás ensinanzas oficiais de máster.*

1. Para acceder ás ensinanzas oficiais de máster será necesario estar en posesión dun título universitario oficial español ou outro expedido por unha institución de educación superior do Espazo Europeo de Educación Superior que facultan no país expedidor do título para o acceso a ensinanzas de máster.

2. Así mesmo, poderán acceder os titulados conforme sistemas educativos alleos ao Espazo Europeo de Educación Superior sen necesidade da homologación dos seus títulos, logo de comprobación pola universidade de que aqueles acreditan un nivel de formación equivalente aos correspondentes títulos universitarios oficiais españois e que facultan no país expedidor do título para o acceso a ensinanzas de posgrao. O acceso por esta vía non implicará, en ningún caso, a homologación do título previo de que estea en posesión o interesado nin o seu recoñecemento para outros efectos que o de cursar as ensinanzas de máster.

Artigo 17. Admisión ás ensinanzas oficiais de máster.

1. Os estudantes poderán ser admitidos a un máster consonte os requisitos específicos e criterios de valoración de méritos que, se é o caso, sexan propios do título de máster universitario ou estableza a universidade.

2. A universidade incluírá os procedementos e requisitos de admisión no plan de estudos, entre os que poderán figurar requisitos de formación previa específica nalgúnhas disciplinas.

3. Estes sistemas e procedementos deberán incluír, no caso de estudantes con necesidades educativas específicas derivadas de discapacidade, os servizos de apoio e asesoramento axeitados, que avaliarán a necesidade de posibles adaptacións curriculares, itinerarios ou estudos alternativos.

4. A admisión non implicará, en ningún caso, ningunha modificación dos efectos académicos e, se é o caso, profesionais que correspondan ao título previo de que estea en posesión o interesado, nin o seu recoñecemento para outros efectos que o de cursar ensinanzas de máster.

CAPÍTULO V**Ensinanzas de doutoramento****Artigo 18. Programa de doutoramento.**

Para obter o título de doutor ou doutora é necesario superar un período de formación e un período de investigación organizado. Ao conxunto organizado de todas as actividades formativas e de investigación conducentes á obtención do título denomínase programa de doutoramento.

Artigo 19. Acceso ás ensinanzas de doutoramento.

1. Para acceder ao programa de doutoramento no seu período de formación será necesario cumprir as mesmas condicións que para o acceso ás ensinanzas oficiais de máster, no artigo 16 deste real decreto.

2. Para acceder ao programa de doutoramento no seu período de investigación será necesario estar en posesión dun título oficial de máster universitario, ou doutro do mesmo nivel expedido por unha institución de educación superior do Espazo Europeo de Educación Superior. Ademais, poderán acceder os que estean en posesión de título obtido conforme sistemas educativos alleos ao Espazo Europeo de Educación Superior, sen necesidade da súa homologación, pero logo de comprobación de que o título acredita un nivel de formación equivalente aos correspondentes títulos españois de máster universitario e que faculta no país expedidor do título para o acceso a estudos de doutoramento. Esta admisión non implicará, en ningún caso, a homologación do título previo de que estea en posesión o interesado, nin o seu recoñecemento para outros efectos que o de cursar ensinanzas de doutoramento.

Así mesmo, poderase acceder cumprindo algunha das seguintes condicións:

a) Ter superados 60 créditos incluídos nun ou varios másters universitarios, de acordo coa oferta da universidade. De xeito excepcional, poderán acceder ao período de investigación aqueles estudantes que acrediten 60 créditos de nivel de posgrao que fosen configurados, de acordo coa normativa que estableza a universidade, por actividades formativas non incluídas en másters universitarios. Este suposto poderase dar por criterios de interese estratéxico para a universidade ou por motivos

científicos que aconsellen a formación de doutores nun ámbito determinado. En todo caso, para a aprobación deste tipo de período de formación será necesario contar cun informe favorable da axencia avaliadora de acordo co establecido no artigo 24 deste real decreto.

b) Estar en posesión dun título de graduado ou graduada cuxa duración, segundo normas de dereito comunitario, sexa de, polo menos, 300 créditos.

Artigo 20. Admisión ás ensinanzas de doutoramento.

1. As universidades establecerán os procedementos e criterios de admisión ao correspondente programa de doutoramento en calquera dos seus períodos. Entre os criterios poderán figurar a exixencia de formación previa específica nalgúnhas disciplinas.

2. Estes sistemas e procedementos deberán incluír, no caso de estudantes con necesidades educativas específicas derivadas de discapacidade, os servizos de apoio e asesoramento axeitados, que avaliarán a necesidade de posibles adaptacións curriculares, itinerarios ou estudos alternativos.

3. Os estudantes admitidos ao período de investigación formalizarán cada curso académico a súa matrícula na universidade, que lles outorgará o dereito á tutela académica, á utilización dos recursos necesarios para o desenvolvemento do seu traballo e á plenitude de dereitos previstos pola normativa para os estudantes de doutoramento.

4. Para os efectos do establecido no artigo 8 do Estatuto do persoal investigador en formación, aprobado polo Real decreto 63/2006, do 27 de xaneiro, en relación co artigo 11.1 do texto refundido do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, ao inicio do período de investigación a que se refire o número 3 deste artigo, as universidades expedirán o correspondente certificado que se considerará como condición habilitante para o contrato en prácticas do persoal investigador en formación.

Artigo 21. A tese de doutoramento.

1. A tese de doutoramento consistirá nun traballo orixinal de investigación elaborado polo candidato en calquera disciplina.

2. A universidade establecerá procedementos co fin de garantir a calidade das teses de doutoramento tanto na súa elaboración como no proceso de avaliación. Estes procedementos incluírán as previsións relativas á elección e ao rexistro do tema da tese de doutoramento e á lingua en que se redactará e en que se defenderá a tese de doutoramento.

3. Para a elaboración da tese de doutoramento, a universidade asignaralle ao doutorando un director, que será un doutor con experiencia investigadora acreditado. A tese poderá ser codirixida por outros doutores.

4. No proceso de avaliación e previo ao acto de defensa, a universidade garantirá a publicidade da tese de doutoramento finalizada de forma que outros doutores poidan remitir observacións sobre o seu contido.

5. O tribunal que avalíe a tese de doutoramento comporase de acordo coas normas que estableza a universidade. Todos os membros deberán ter o título de doutor e experiencia investigadora acreditada. En calquera caso só poderán formar parte do tribunal dous membros da universidade responsable da expedición do título.

6. A tese de doutoramento avaliarase no acto de defensa que terá lugar en sesión pública e consistirá na exposición e defensa polo doutorando do traballo de investigación elaborado ante os membros do tribunal. Os doutores presentes no acto público poderán formular

cuestións no momento e forma que sinala o presidente do tribunal.

7. O tribunal emitirá un informe e a cualificación global concedida á tese de acordo coa seguinte escala: «non apto», «aprobado», «notable» e «sobresaliente». O tribunal poderá outorgar a mención de «cum laude» se a cualificación global é de sobresaliente e se emite en tal sentido o voto por unanimidade.

8. Una vez aprobada a tese de doutoramento, a universidade ocuparase do seu arquivo e remitiralle un exemplar desta así como a información necesaria ao Ministerio de Educación e Ciencia para os efectos oportunos.

Artigo 22. *Mención europea no título de doutor.*

1. Poderase incluír no anverso do título de doutor ou doutora a mención «doutor europeo», sempre que concorran as seguintes circunstancias:

a) Que durante o período de formación necesario para a obtención do título de doutor, o doutorando realízase unha estadía mínima de tres meses fóra de España nunha institución de ensino superior ou centro de investigación dun Estado membro da Unión Europea, cursando estudos ou realizando traballos de investigación que lle fosen recoñecidos pola universidade.

b) Que parte da tese de doutoramento, polo menos o resumo e as conclusións, se redactase e sexa presentado nunha das linguas oficiais da Unión Europea distinta a calquera das linguas oficiais en España.

c) Que da tese emitisen informe un mínimo de dous expertos pertencentes a algunha institución de educación superior ou instituto de investigación dun Estado membro da Unión Europea distinto de España.

d) Que, polo menos, un experto pertencente a algunha institución de educación superior ou centro de investigación dun Estado membro da Unión Europea distinto de España, co título de doutor, e distinto do responsable da estadía mencionada na alínea a) e os mencionados na alínea c), formase parte do tribunal avaliador da tese.

2. A defensa da tese efectuarase na propia universidade en que o doutorando estivese inscrito.

Artigo 23. *Profesorado das ensinanzas de doutoramento.*

O profesorado responsable das ensinanzas de doutoramento deberá posuír o título de doutor.

CAPÍTULO VI

Verificación e acreditación dos títulos

Artigo 24. *Verificación e acreditación.*

1. Una vez elaborados os plans de estudos conducentes á obtención de títulos oficiais, deberán ser verificados polo Consello de Universidades de acordo coas normas establecidas neste capítulo.

2. Os títulos universitarios oficiais deberanse someter a un procedemento de avaliación cada 6 anos contados desde a data do seu rexistro no RUCT, co fin de manter a súa acreditación.

3. Para estes efectos a Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANECA) establecerá os protocolos de verificación e acreditación necesarios conforme o disposto neste real decreto.

Artigo 25. *Procedemento de verificación.*

1. O plan de estudos elaborado pola universidade será enviado ao Consello de Universidades para a súa verificación. Este comprobará se se axusta aos protocolos a que se refire o número 3 do artigo anterior. No caso de existir deficiencias, o Consello de Universidades devolveralle o plan de estudos á universidade para que realice as modificacións oportunas no prazo de 10 días naturais.

2. O Consello de Universidades enviaralle o plan de estudos á ANECA para que elabore o informe de avaliación, que terá o carácter preceptivo e determinante a que se refire o artigo 42.5 c da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. A ANECA avaliará os plans de estudos, de acordo cos protocolos de verificación a que se refire o artigo 24.3 deste real decreto.

4. A avaliación do plan de estudos realizaraa unha comisión formada por expertos do ámbito académico e, se é o caso, profesional, do título correspondente. Os devanditos expertos serán avaliadores independentes e de recoñecido prestixio designados pola ANECA.

5. A citada axencia elaborará unha proposta de informe que se expresará, de forma motivada, en termos favorables ou desfavorables ao plan de estudos presentado, podendo incluír, se é o caso, recomendacións sobre o modo de melloralo. Este informe seralle enviado pola ANECA á universidade para que poida presentar alegacións no prazo de 20 días naturais.

6. Una vez concluído o prazo e valoradas, se é o caso, as alegacións, a ANECA elaborará o informe de avaliación que será favorable ou desfavorable e remitirallo ao Consello de Universidades.

7. O Consello de Universidades comprobará a denominación proposta para o título, que o plan de estudos conta co informe de avaliación favorable, que se adecua ás previsións deste real decreto e que é coherente coa denominación do título proposto. No prazo de 6 meses desde a data de envío, o Consello de Universidades ditará a resolución de verificación que será positiva, se se cumpren as condicións sinaladas, ou negativa, no caso contrario.

8. A resolución de verificación comunicaráselles ao Ministerio de Educación e Ciencia, á comunidade autónoma interesada e á universidade.

9. Contra a resolución de verificación, a universidade poderá recorrer ante a Presidencia do Consello de Universidades. No caso de ser admitida a trámite a reclamación, esta será valorada por unha comisión designada para o efecto polo devandito órgano e formada por expertos que non interviñesen na avaliación que conduciu á resolución negativa. Esta comisión examinará o expediente relativo á verificación para velar polas garantías establecidas e poderá ratificar a resolución ou, se é o caso, aceptar a reclamación e remitirla á ANECA, indicando de forma concreta os aspectos da avaliación que deben ser revisados, todo iso nun prazo máximo de tres meses.

10. O exame da reclamación farase baseándose no plan de estudos elaborado pola universidade e toda a documentación contida no expediente.

11. A ANECA analizará os aspectos sinalados polo Consello de Universidades e remitirá o correspondente informe, baseándose nel o Consello de Universidades emitirá a resolución definitiva. No caso de ser desestimada a reclamación, o Consello de Universidades comunicarlle á universidade e á correspondente comunidade autónoma e, no caso de ser estimada, ditará a resolución de verificación e procederá segundo o establecido no punto 8 deste artigo.

Artigo 26. *Inscripción no rexistro e os seus efectos.*

1. Tras a autorización da comunidade autónoma e a verificación do plan de estudos a que se refire o artigo anterior, o Ministerio de Educación e Ciencia elevará ao Goberno a proposta para o establecemento do carácter oficial do título e a súa inscrición no RUCT, cuxa aprobación mediante acordo do Consello de Ministros será publicada no «Boletín Oficial del Estado».

2. A inscrición no RUCT a que se refire este artigo terá como efecto a consideración inicial de título acreditado.

Artigo 27. *Renovación da acreditación dos títulos.*

1. A acreditación dos títulos universitarios oficiais manterase cando obteñan un informe de acreditación positivo, transcorridos os seis anos a que se refire o artigo 24.2, e sexa comunicado ao RUCT.

Para obter un informe positivo deberase comprobar que o plan de estudos correspondente se está a levar a cabo de acordo co seu proxecto inicial, mediante unha avaliación que incluíra, en todo caso, unha visita externa á institución. No caso de informe negativo, comunicáraselles á universidade, á comunidade autónoma e ao Consello de Universidades para que as deficiencias atopadas poidan ser emendadas. De non o ser, o título causará baixa no mencionado rexistro e perderá o seu carácter oficial e a súa validez en todo o territorio nacional, establecéndose na resolución correspondente as garantías necesarias para os estudantes que se atopen cursando os devanditos estudos.

2. O informe a que se refire o número 1 deberá ser efectuado pola ANECA ou os órganos de avaliación que a lei das comunidades autónomas determinen e comunicado ao rexistro para a súa oportuna inscrición.

3. A Conferencia Xeral de Política Universitaria aprobará os criterios de coordinación, cooperación e recoñecemento mutuo para a participación no procedemento a que se refire este artigo.

4. A ANECA e os órganos de avaliación que a lei das comunidades autónomas determine farán un seguimento dos títulos rexistrados, baseándose na información pública dispoñible, ata o momento que se deban someter á avaliación para renovar a súa acreditación. No caso de se detectar algunha deficiencia, esta seralles comunicada á universidade, á comunidade autónoma e ao Consello de Universidades para que poida ser emendada. No caso de que as deficiencias atopadas supuxesen un grave risco para a calidade mínima exigible nas ensinanzas impartidas, de acordo coa comunidade autónoma responsable, poderase iniciar un proceso de avaliación nos termos previstos neste artigo.

Artigo 28. *Modificación e extinción dos plans de estudos conducentes a títulos oficiais.*

1. As modificacións dos plans de estudos a que se refire este real decreto serán aprobadas polas universidades, na forma en que determinen os seus estatutos ou normas de organización e funcionamento e, se é o caso, as correspondentes normativas autonómicas que deberán preservar a autonomía académica das universidades.

2. Estas modificacións seranlle notificadas ao Consello de Universidades, que as enviará á ANECA para a súa valoración. No suposto de que tales modificacións non supoñan, a xuízo das comisións a que se refire o artigo 25, un cambio na natureza e obxectivos do título inscrito, ou transcorreran tres meses sen pronunciamento expreso, a universidade considerará aceptada a súa proposta. No caso contrario, considerarase que se

trata dun novo plan de estudos e tal extremo será posto en coñecemento do Consello de Universidades, que o trasladará á correspondente universidade para os efectos de iniciar, se é o caso, de novo os procedementos de verificación, autorización e inscrición previstos polos artigos 25 e 26. Neste suposto o plan de estudos anterior considerarase extinguido e de tal extinción darase conta ao RUCT para a súa oportuna anotación.

3. Considerarase extinguido un plan de estudos cando non supere o proceso de acreditación previsto no artigo 27.

4. As universidades están obrigadas a garantir o axeitado desenvolvemento efectivo das ensinanzas que iniciasen os seus estudantes ata a súa finalización.

Disposición adicional primeira. *Implantación das novas ensinanzas.*

1. A implantación polas universidades dos plans de estudos conducentes á obtención dos títulos previstos por este real decreto poderase realizar de xeito simultáneo, para un ou varios cursos, ou progresivo, de acordo coa temporalidade prevista no correspondente plan de estudos.

2. No curso académico 2010-2011 non se poderán ofertar prazas de novo ingreso en primeiro curso para as actuais titulacións de licenciado, diplomado, arquitecto, enxeñeiro, arquitecto técnico e enxeñeiro técnico.

Disposición adicional segunda. *Incorporación ás novas ensinanzas.*

Os alumnos que comezasen estudos consonte anteriores ordenacións universitarias poderán acceder ás ensinanzas reguladas neste real decreto, logo de admisión da universidade correspondente de acordo co establecido no real decreto e na normativa da propia universidade.

Disposición adicional terceira. *Doutor honoris causa.*

De acordo co que estableza a súa normativa, as universidades poderán nomear doutor honoris causa a aquelas persoas que, en atención aos seus méritos académicos, científicos ou persoais sexan acreedoras de tal distinción.

Disposición adicional cuarta. *Efecto dos títulos universitarios oficiais correspondentes á anterior ordenación.*

1. Os títulos universitarios oficiais obtidos consonte plans de estudos anteriores ao momento da entrada en vigor deste real decreto manterán todos os seus efectos académicos e, se é o caso, profesionais.

2. Quen, estando en posesión dun título oficial de licenciado, arquitecto ou enxeñeiro, pretenda acceder a ensinanzas conducentes a un título de grao obterá o recoñecemento de créditos que proceda conforme o disposto no artigo 13 deste real decreto.

Así mesmo, poderán acceder ás ensinanzas oficiais de máster sen necesidade de ningún requisito adicional, sen prexuízo do establecido no artigo 17. Ademais, as universidades, no ámbito da súa autonomía, poderanlles recoñecer créditos a estes titulados tendo en conta a adecuación entre as competencias e os coñecementos derivados das ensinanzas cursadas e os previstos no plan de estudos das ensinanzas de máster solicitadas.

Igualmente, os titulados a que se refire este punto poderán acceder directamente ao período de investigación do programa de doutoramento se estivesen en posesión do diploma de estudos avanzados, obtido de

acordo co disposto no Real decreto 778/1998, do 30 de abril, ou alcanzasen a suficiencia investigadora regulada no Real decreto 185/1985, do 23 de xaneiro.

3. Quen, estando en posesión dun título oficial de diplomado, arquitecto técnico ou enxeñeiro técnico, pretenda cursar ensinanzas dirixidas á obtención dun título oficial de grao, obterá o recoñecemento de créditos que proceda consonte o previsto no artigo 13 deste real decreto.

Os titulados a que se refire o parágrafo anterior poderán acceder, igualmente, ás ensinanzas oficiais de máster sen necesidade de ningún requisito adicional, sen prexuízo do establecido no artigo 17. En todo caso, as universidades, no ámbito da súa autonomía, poderán exixir formación adicional necesaria tendo en conta a adecuación entre as competencias e os coñecementos derivados das ensinanzas cursadas nos plans de estudos de orixe e os previstos no plan de estudos das ensinanzas de máster solicitadas.

Disposición adicional quinta. *Réximes específicos.*

1. Con independencia do establecido na normativa específica sobre homologación de títulos estranxeiros de educación superior, estes poderán ser equivalentes para os efectos parciais ou totais ao correspondente título español cando así se estableza de modo expreso en acordos ou convenios internacionais de carácter bilateral ou multilateral nos cales o Estado español sexa parte.

2. Os enxeñeiros de armamento e construción e os enxeñeiros de armas navais poderán obter os títulos oficiais de máster e de doutor conforme o disposto no Decreto 3058/1964, do 28 de setembro, e normas concordantes. Para estes efectos, deberán cumprir os requisitos xerais sobre estudos de grao e posgrao establecidos neste real decreto que resulten de aplicación e as condicións específicas que, ao respecto, estableza o Ministerio de Defensa.

Disposición adicional sexta. *Universidades da Igrexa Católica.*

1. De conformidade co establecido na disposición adicional cuarta da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, as universidades da Igrexa Católica establecidas en España con anterioridade ao Acordo, do 3 de xaneiro de 1979, entre o Estado español e a Santa Sé, sobre ensino e asuntos culturais, en virtude do establecido no Convenio entre a Santa Sé e o Estado español do 10 de maio de 1962, así como no dito acordo, manteñen os seus procedementos especiais en materia de recoñecemento de efectos civís de plans de estudos e títulos, en canto non opten por se transformaren en universidades privadas.

2. Sen prexuízo do establecido no punto anterior, e para os únicos efectos de facer efectivos os ditos procedementos, estas universidades solicitaranlle ao Consello de Universidades a verificación dos plans de estudos conducentes á obtención de títulos oficiais que se levará a cabo unha vez que se comprobe que os devanditos plans de estudos se axustan ás directrices e condicións establecidas polo Goberno con carácter xeral.

3. Verificado o título conforme o establecido no punto anterior, o Consello de Universidades remitirallo ao Goberno, quen establecerá o seu carácter oficial, ordenará a súa inscrición no RUCT e a súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

4. Co fin de renovar a súa acreditación, os títulos así inscritos deberanse someter ao procedemento de avaliación previsto para todos os títulos universitarios oficiais, previsto no artigo 27 deste real decreto.

Disposición adicional sétima. *Modificación do Real decreto 285/2004.*

Modifícase o número 5 do artigo 17 do Real decreto 285/2004, do 20 de febreiro, polo que se regulan as condicións de homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros de educación superior, que queda redactado do seguinte xeito:

«Cando o interesado non supere os requisitos formativos complementarios exixidos no prazo de catro anos, contados desde a notificación da resolución, a homologación condicionada perderá a súa eficacia, sen prexuízo de que, a partir dese momento, o interesado poida solicitar a validación por estudos parciais.»

Disposición adicional oitava. *Réxime transitorio da modificación do Real decreto 285/2004.*

A modificación do Real decreto 285/2004, do 20 de febreiro, polo que se regulan as condicións de homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros de educación superior, que se establece na disposición adicional sétima, terá o seguinte réxime transitorio:

1. O prazo de catro anos para a superación dos requisitos formativos complementarios aplicarase a todos os expedientes tramitados de acordo co Real decreto 285/2004, sobre os que non se ditase resolución na data de entrada en vigor deste real decreto, con independencia da súa data de iniciación.

2. No caso de resolucións de homologación, condicionadas á superación de requisitos formativos complementarios, ditadas con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto, se o prazo de dous anos para a superación dos requisitos formativos complementarios non venceu o día da devandita entrada en vigor, entenderase prorrogado ata un total de catro anos, contados desde a notificación da resolución. Se o prazo de dous anos xa venceu antes da entrada en vigor deste real decreto, entenderase concedido un novo prazo complementario de dous anos para a superación dos requisitos formativos complementarios, contados desde a devandita entrada en vigor.

Disposición adicional novena. *Verificación do cumprimento das condicións para os títulos relacionados cos artigos 12.9 e 15.4.*

O Ministerio de Educación e Ciencia precisará os contidos do anexo I deste real decreto, aos cales se deberán axustar as solicitudes para a obtención da verificación dos plans de estudos nos casos a que se refiren os artigos 12.9 e 15.4 deste real decreto, logo de informe de Consello de Universidades e oídos, se é o caso, os colexios e asociacións profesionais concernidos.

Disposición adicional décima. *Títulos de especialistas en ciencias da saúde.*

1. Os títulos universitarios a que se refire este real decreto non poderán inducir a confusión nin coincidir na súa denominación e contidos cos dos especialistas en ciencias da saúde regulados no capítulo III da Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias.

2. As universidades determinarán, en función da formación investigadora que acredite cada un dos especialistas en ciencias da saúde dos establecidos no punto anterior, a formación adicional que, se é o caso, deberán cursar para a presentación e a defensa da tese de doutoramento.

Disposición adicional décimo primeira. *Títulos non oficiais.*

As universidades, en uso da súa autonomía, poderán impartir outras ensinanzas conducentes á obtención doutros títulos distintos aos expresados no artigo 3.1. A expedición destes títulos realizarase do modo que determine a universidade, sen que nin a súa denominación nin o formato en que se confeccionen os correspondentes títulos poidan inducir a confusión cos títulos oficiais que se establecen nos artigos 9, 10 e 11 deste real decreto.

Disposición transitoria primeira. *Implantación de ensinanzas de grao para o curso académico 2008-2009.*

As solicitudes de verificación de plans de estudos presentadas ao Consello de Universidades, con anterioridade ao 15 de febreiro de 2008, deberán ser verificadas no prazo máximo de 3 meses.

Disposición transitoria segunda. *Ensinanzas anteriores.*

a) Aos estudantes que na data de entrada en vigor deste real decreto iniciasen estudos universitarios oficiais conforme anteriores ordenacións, seranlles de aplicación as disposicións reguladoras polas que iniciasen os seus estudos, sen prexuízo do establecido na disposición adicional segunda deste real decreto, ata o 30 de setembro de 2015, en que quedarán definitivamente extinguidas.

b) Os procedementos de autorización para a implantación no curso 2008-09 de programas oficiais de posgrao, iniciados con anterioridade ao momento da entrada en vigor deste real decreto, regularanse de acordo coa normativa aplicable previa.

Disposición transitoria terceira. *Estudantes de doutoramento.*

Aos estudantes que na data de entrada en vigor deste real decreto iniciasen estudos de doutoramento, seranlles de aplicación as disposicións reguladoras do doutoramento e de expedición do título de doutor polas que iniciasen os devanditos estudos. En todo caso o réxime relativo a elaboración, tribunal, defensa e avaliación da tese de doutoramento será aplicable aos devanditos estudantes a partir dun ano da súa entrada en vigor.

Disposición transitoria cuarta. *Títulos universitarios vinculados con actividades profesionais reguladas.*

Para os efectos do disposto nos artigos 12.9 e 15.4 deste real decreto, serán de aplicación as actuais directrices xerais propias dos títulos correspondentes, no que se refire á súa denominación, materias e contido destas, en canto non se produza a aprobación polo Goberno das condicións que as substitúan.

Disposición transitoria quinta. *Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación.*

Ata que se leve a efecto a previsión contida no artigo 32 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, na súa nova redacción dada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a anterior, as funcións atribuídas á ANECA neste real decreto, así como no Real decreto 1312/2007, do 5 de outubro, polo que se establece a acreditación nacional para o acceso aos corpos docentes universitarios, serán exercidas pola

actual Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogados os reais decretos 55/2005, do 21 de xaneiro, polo que se establece a estrutura das ensinanzas universitarias e se regulan os estudos universitarios oficiais de grao e 56/2005, do 21 de xaneiro, polo que se regulan os estudos universitarios oficiais de posgrao, sen prexuízo do establecido na disposición transitoria segunda.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.30.^a da Constitución española e en uso da autorización concedida ao Goberno polo número 1 da disposición derradeira sétima da Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades e é de aplicación en todo o territorio nacional.

Disposición derradeira segunda. *Actualización dos anexos.*

Habílitase o Ministerio de Educación e Ciencia, oído o Consello de Universidades, para modificar, corrixir ou actualizar, cando iso for preciso, os anexos deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Correspóndelle ao Ministerio de Educación e ás universidades, no ámbito das súas respectivas competencias, ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de outubro de 2007.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación e Ciencia,
MERCEDES CABRERA CALVO-SOTELO

ANEXO I

Memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais

Esta memoria configura o proxecto de título oficial que deben presentar as universidades para a súa correspondente verificación. O proxecto constitúe o compromiso da institución sobre as características do título e as condicións en que se van desenvolver as ensinanzas. Na fase de acreditación, a universidade deberá xustificar o axuste da situación do realizado co proposto no proxecto presentado, ou xustificar as causas do desaxuste e as accións realizadas en cada un dos ámbitos.

1. Descrición do título.

1.1 Denominación.

1.2 Universidade solicitante e centro responsable das ensinanzas conducentes ao título ou, se é o caso, departamento ou instituto.

1.3 Tipo de ensino de que se trata (presencial, semi-presencial, a distancia, etc.).

1.4 Número de prazas de novo ingreso ofertadas (estimación para os primeiros 4 anos).

1.5 Número mínimo de créditos europeos de matrícula por estudante e período lectivo e, se é o caso, normas de permanencia. Os requisitos formulados neste punto pódennles permitir aos estudantes cursar estudos a tempo parcial e deben atender a cuestións derivadas da existencia de necesidades educativas especiais.

1.6 Resto de información necesaria para a expedición do suplemento europeo ao título de acordo coa normativa vixente.

2. Xustificación.

2.1 Xustificación do título proposto, argumentando o interese académico, científico ou profesional deste.

2.2 No caso dos títulos de graduado ou graduada: referentes externos á universidade proponente que avalen a adecuación da proposta a criterios nacionais ou internacionais para títulos de similares características académicas. Poden ser:

Libros brancos do Programa de converxencia europea da ANECA (www.aneca.es, sección libros brancos).

Plans de estudos de universidades españolas, universidades europeas e internacionais de calidade ou interese contrastado.

Informes de asociacións ou colexios profesionais, nacionais, europeos, doutros países ou internacionais.

Títulos do catálogo vixentes no momento da entrada en vigor da Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

Outros, coa xustificación da súa calidade ou interese académico.

2.3 Descrición dos procedementos de consulta internos e externos utilizados para a elaboración do plan de estudos. Estes poden ser con profesionais, estudantes ou outros colectivos.

3. Obxectivos.

3.1 Competencias xerais e específicas que os estudantes deben adquirir durante os seus estudos, e que sexan exixibles para outorgar o título. As competencias propostas deben ser avaliábeis. Deberanse ter en conta os principios recollidos no artigo 3.5 deste real decreto.

3.2 Garantiranse, como mínimo, as seguintes competencias básicas, no caso do grao, e aquelas outras que figuren no Marco español de cualificacións para a educación superior, MECES:

Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adóitase atopar a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo;

Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que se adoitan demostrar por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo;

Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética;

Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado;

Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.

3.3 Garantiranse, como mínimo, as seguintes competencias básicas, no caso do máster, e aquelas outras que figuren no Marco español de cualificacións para a educación superior, MECES:

Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en ámbitos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo;

Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e de se enfrontaren á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos;

Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións -e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan- a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades;

Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que deberá ser en boa medida autodirixido ou autónomo.

3.4 Garantiranse, como mínimo, as seguintes competencias básicas, no caso do doutoramento, e aquelas outras que figuren no Marco español de cualificacións para a educación superior, MECES:

Que os estudantes demostrasen unha comprensión sistemática dun campo de estudo e o dominio das habilidades e métodos de investigación relacionados co devandito campo;

Que os estudantes demostrasen a capacidade de concibir, deseñar, poñer en práctica e adoptar un proceso substancial de investigación con seriedade académica;

Que os estudantes realizasen unha contribución a través dunha investigación orixinal que amplíe as fronteiras do coñecemento desenvolvendo un corpus substancial, do que parte mereza a publicación referida a nivel nacional ou internacional;

Que os estudantes sexan capaces de realizar unha análise crítica, avaliación e síntese de ideas novas e complexas;

Que os estudantes se saiban comunicar cos seus colegas, coa comunidade académica no seu conxunto e coa sociedade en xeral acerca das súas áreas de coñecemento;

Que se lles supoña capaces de fomentar, en contextos académicos e profesionais, o avance tecnolóxico, social ou cultural dentro dunha sociedade baseada no coñecemento.

4. Acceso e admisión de estudantes.

4.1 Sistemas accesibles de información previa á matriculación e procedementos accesibles de acollida e orientación dos estudantes de novo ingreso para facilitar a súa incorporación á universidade e ao ensino.

4.2 Se é o caso, sempre autorizadas pola Administración competente, indicar as condicións ou probas de acceso especiais.

4.3 Sistemas accesibles de apoio e orientación dos estudantes unha vez matriculados.

4.4 Transferencia e recoñecemento de créditos: sistema proposto pola universidade de acordo co artigo 13 deste real decreto.

5. Planificación das ensinanzas.

5.1 Estrutura das ensinanzas:

- Denominación do módulo ou materia.
- Contido en créditos ECTS.
- Organización temporal: semestral, trimestral ou semanal, etc.
- Carácter obrigatorio ou optativo.

Táboa 1: Resumo das materias que constitúen a proposta nun título de graduado e a súa distribución en créditos

| Tipo de materia | Créditos |
|------------------------------------|----------|
| Formación básica | |
| Obrigatorias | |
| Optativas | |
| Prácticas externas (se se inclúen) | |
| Traballo fin de grao | |
| Total | 240 |

5.1 Procedementos para a organización da mobilidade dos estudantes propios e de acollida. Debe incluír o sistema de recoñecemento e acumulación de créditos ECTS.

5.2 Descrición dos módulos ou materias de ensino-aprendizaxe que constitúen a estrutura do plan de estudos, incluíndo as prácticas externas e o traballo de fin de grao ou máster, de acordo coa seguinte táboa:

Táboa 2: Modelo de táboa para cada módulo ou materia do plan de estudos proposto

| | |
|---|---------------------------|
| Denominación do módulo ou materia: | |
| Competencias que adquire o estudante co devandito módulo ou materia. | Definirao a universidade. |
| Breve descrición dos seus contidos. | Definirao a universidade. |
| Actividades formativas co seu contido en créditos ECTS, a súa metodoloxía de ensino-aprendizaxe e a súa relación coas competencias que debe adquirir o estudante. | Definirao a universidade. |
| Sistema de avaliación da adquisición das competencias e sistema de cualificacións de acordo coa lexislación vixente. | Definirao a universidade. |

6. Persoal académico.

6.1 Profesorado e outros recursos humanos necesarios e dispoñibles para levar a cabo o plan de estudos proposto.

6.2 Dos recursos humanos dispoñibles, indícase, polo menos, a súa categoría académica, a súa vinculación á universidade e a súa experiencia docente e investigadora ou profesional.

7. Recursos materiais e servizos.

7.1 Xustificación de que os medios materiais e servizos dispoñibles (espazos, instalacións, laboratorios, equipamento científico, técnico ou artístico, biblioteca e salas de lectura, novas tecnoloxías, etc.), son axeitados para garantir o desenvolvemento das actividades formativas planificadas, observando os criterios de accesibilidade universal e deseño para todos.

7.2 No caso de que non se dispoña de todos os recursos materiais e servizos necesarios no momento da proposta do plan de estudos, deberase indicar a súa previsión de adquisición.

8. Resultados previstos.

8.1 Estimación de valores cuantitativos para os indicadores que se relacionan a continuación e a xustificación das devanditas estimacións. Non se establece ningún valor de referencia ao se aplicaren estes indicadores a institucións e ensinanzas de diversas características. Na fase de acreditación revisaranse estas estimacións, atendendo ás xustificacións achegadas pola universidade e ás accións derivadas do seu seguimento.

Taxa de graduación: porcentaxe de estudantes que finalizan o ensino no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico máis en relación á súa cohorte de entrada.

Taxa de abandono: relación porcentual entre o número total de estudantes dunha cohorte de novo ingreso que deberon obter o título o ano académico anterior e que non se matricularon nin nese ano académico nin no anterior.

Taxa de eficiencia: relación porcentual entre o número total de créditos do plan de estudos aos que se deberon matricular ao longo dos seus estudos, o conxunto de graduados dun determinado ano académico e o número total de créditos nos cales realmente se tiveron que matricular.

8.2 Procedemento xeral da universidade para valorar o progreso e os resultados de aprendizaxe dos estudantes. Entre eles pódense considerar resultados de probas externas, traballos de fin de grao, etc.

9. Sistema de garantía da calidade.

A información contida neste punto pódese referir tanto a un sistema propio para o título como a un sistema xeral da universidade ou do centro responsable das ensinanzas, aplicable ao título.

9.1 Responsables do sistema de garantía da calidade do plan de estudos.

9.2 Procedementos de avaliación e mellora da calidade do ensino e o profesorado.

9.2 Procedementos para garantir a calidade das prácticas externas e os programas de mobilidade.

9.4 Procedementos de análise da inserción laboral dos graduados e da satisfacción coa formación recibida.

9.4 Procedemento para a análise da satisfacción dos distintos colectivos implicados (estudantes, persoal académico e de administración e servizos, etc.) e de atención ás suxestións ou reclamacións. Criterios específicos no caso de extinción do título.

10. Calendario de implantación.

10.1 Cronograma de implantación do título.

10.2 Procedemento de adaptación, se é o caso, dos estudantes dos estudos existentes ao novo plan de estudos.

10.3 Ensinanzas que se extinguen pola implantación do correspondente título proposto.

ANEXO II

Materias básicas por rama de coñecemento

Artes e humanidades

Antropoloxía.
Arte.
Ética.
Expresión artística.
Filosofía.
Xeografía.
Historia.
Idioma moderno.
Lingua.
Lingua clásica.
Lingüística.
Literatura.
Socioloxía.

Ciencias

Bioloxía.
Física.
Xeoloxía.
Matemáticas.
Química.

Ciencias da saúde

Anatomía animal.
Anatomía humana.
Bioloxía.
Bioquímica.
Estatística.
Física.
Fisioloxía.
Psicoloxía.

Ciencias sociais e xurídicas

Antropoloxía.
Ciencia política.
Comunicación.
Dereito.
Economía.
Educación.
Empresa.
Estatística.
Xeografía.
Historia.
Psicoloxía.
Socioloxía.

Enxeñaría e arquitectura

Empresa.
Expresión gráfica.
Física.
Informática.
Matemáticas.
Química.

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

18774 *REAL DECRETO 1402/2007, do 29 de outubro, polo que se modifica o Real decreto 1370/2006, do 24 de novembro, polo que se aproba o Plan nacional de asignación de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, 2008-2012. («BOE» 260, do 30-10-2007.)*

O Plan nacional de asignación de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, 2008-2012 (PNA), aprobado polo Real decreto 1370/2006, do 24 de novembro, establece para o quinquenio 2008-2012 a cantidade total de dereitos que se prevé asignar ás instalacións incluídas no ámbito de aplicación da Lei 1/2005, do 9 de marzo, que regula o réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro. Tamén establece a metodoloxía de cálculo para a asignación individual de dereitos, determina a cantidade correspondente á reserva de novos entrantes e as regras para a súa asignación.

De conformidade co artigo 9 da Directiva 2003/87, do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003, que establece un réxime para o comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro na Comunidade e que modifica a Directiva 96/61/CE do Consello, o Real decreto 1370/2006, do 24 de novembro, notificóuselle á Comisión Europea o 30 de novembro de 2006.

A Decisión da Comisión Europea do 26 de febreiro de 2007, relativa ao Plan nacional de asignación de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro para 2008-2012 presentado por España, estableceu a súa aprobación, condicionándoa á introdución de determinadas modificacións e á remisión de información complementaria.

A reforma do PNA solicitada pola Comisión Europea levouse a cabo mediante a aprobación do Real decreto 1030/2007, do 20 de xullo, cuxos principais elementos foron unha pequena minoración do volume total de dereitos obxecto de asignación e a redución da porcentaxe de créditos procedentes de mecanismos de flexibilidade do Protocolo de Kioto dos cales poden facer uso as empresas para o cumprimento das súas obrigas de entrega.

Unha vez adaptado o PNA aos requisitos da Comisión Europea, e de conformidade co establecido na Lei 1/2005, calculouse a asignación provisional individual ás instalacións afectadas, co obxecto de sometela ao trámite de información pública. O prazo para presentar observacións abriuse o día 24 de xullo de 2007 e pechouse o 25 de agosto de 2007. A análise das alegacións presentadas puxo de manifesto nalgúns casos a procedencia da súa estimación. A modificación das asignacións provisionais de certas instalacións e, particularmente, a asignación de dereitos a determinadas instalacións indebidamente excluídas da listaxe de asignación provisional repercuten nalgunhas asignacións sectoriais, co que se fai necesario reformar o PNA neste sentido.

Este real decreto leva a cabo a devandita reforma, aumenta lixeiramente a asignación dos sectores de xeración eléctrica, coxeración, combustión, siderurxia, cal, ladrillos e tellas, azulexos e baldosas e papel, e reduce correlativamente o número de dereitos de emisión da reserva de novos entrantes, de xeito que o volume total de dereitos de emisión se mantén constante.

A reforma do PNA realízase de conformidade coa decisión da Comisión Europea do 26 de febreiro de 2007,